

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto Decreto 2018-0015 de data 5 de xaneiro de 2018 mediante o que se resolve contratar una persoa a través das listas de substitución de profesor de música, na especialidade de fruta traveseira, mediante contrato por interinidade a xornada completa cuxo obxecto do contrato é a substitución de Dna. Sonia Fernández Conde, mentres se atope de baixa por I.T., e baixa por maternidade, de producirse esta última sen solución de continuidade respecto á baixa de I.T.

Visto que unha vez convocados todos os integrantes da lista de substitución na categoría de profesor de música, na especialidade de fruta traveseira, non existe ninguén dispoñible, se resolve aprobar unha nova convocatoria para a presentación de instancias na citada categoría, mediante Resolución da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2018, acordando unificar a lista resultante do proceso selectivo coa xa existente, dando lugar a unha soa lista de substitucións na categoría de profesor de música, especialidade fruta traveseira.

Visto que con data 15 de marzo de 2018 se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos na categoría de profesor de música, especialidade de fruta traveseira, o 22 de marzo de 2018 se procede á constitución do Tribunal do citado proceso selectivo co obxecto da valoración curricular de méritos dos aspirantes, elaborando como resultado a Acta final de puntuacións.

En base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Unificar as listas resultantes dos procesos selectivos de profesor de música, especialidade fruta traveseira, nunha soa lista de substitucións, na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos, tal como a continuación se indica:

APELIDOS	NOME	DNI	FORMACIÓN		EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
			Cursos a.1)	Cursos a.2)		
CERDÁ PÉREZ	DAVID	*****516M	3	0	5	8
FERNÁNDEZ AGULLA	ESTEFANIA	*****103Z	3	1	0,74	4,74
DÍAZ MERA	PABLO	*****005N	2,6	1	0,63	4,23
VÁZQUEZ PATEIRO	YAGO	*****560Z	2.4	0	1.8	4.2
GONZÁLEZ LÓPEZ	MIRTA	*****389C	3	1	0	4
ZUMAJO GALDÓN	CARLOS	*****076D	1,3	0	1,78	3,08
MÉNDEZ RODRÍGUEZ	LORENA	*****550Q	0,6	0	0	0,6

--	--	--	--	--	--	--

Segundo.- Visto que se trata da fusión dunha nova lista cunha xa existente, á hora de facer os chamamentos se terá en conta a aqueles candidatos pertencentes á lista anterior aos que xa se lles houbera ofertado o posto, procedendo a chamar ao seguinte candidato da lista.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal.

Cuarto.- Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina www.ponteareas.gal, ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez